

LETTERS TO PAUL MORRISEY

Armand Rovira, 2018

620

PASE ÚNICO EN NUMAX: 23.12.2019 | V.O.S.E.

Letters to Paul Morrissey (2018, 80')

Dirección: Armand Rovira

Guión: Saida Benzal, Armand Rovira

Elenco: Xavi Sáez, Almar G. Sato, María Fajula, Joe Dallesandro, Saida Benzal, Agnès Llobet, Andrea Carballo, Esteban Torres

Son: Jesús Llata

Fotografía: Edu Biurrun

Montaxe: Armand Rovira

Música: Jaime García Soriano, The Youth

Produtora: Dynamite Films SL, From Outer Space SL (España)

Distribuidora: Armand Rovira

Formato de proxección: DCP2K, 1.33:1

Idioma orixinal: Xaponés, inglés, alemán

PREMIOS E FESTIVAIS

BAFICI 2019 (Vanguardia y Género), D'A 2019 (Premio Movistar Plus), Festival Internacional de Jóvenes Realizadores 2019 (Premio Vibraciones), Sevilla 2018 (Nuevas Olas), Torino Underground Cinesfest 2019 (Mellor Dirección)

FILMOGRAFÍA

Hoissuru, 2017 [curtametraxe]
¿Qué será de Baby Grace?, 2009 [curtametraxe]
La purificación excremental, 2004 [curtametraxe]
Gracia exquisita, 2000 [curtametraxe]

SINOPSE


Armand Rovira lánzase á tarefa de filmar cartas para enviarllas a Paul Morrissey, director de *Trash*, *Flesh* e *Heat*, colaborador de Warhol e representante da Velvet Underground. Usando unha cámara de 16mm, reúne unha serie de misivas desde distintas partes do mundo e de persoas dispares.

«Apaixonante filme. Unha obra asentada sobre claros referentes visuais (de Chris Marker ao surrealismo ou as vangardas), pero que á vez se presenta libre e repleta de constantes puntos de fuga»

Fernando Bernal, CINEMANÍA

OS OLLOS VERDES

O CINEMA INÉDITO DE NUMAX



“Se quería homenaxear a Morrisey debía facelo en 16mm”

Entrevista con Armand Rovira
Por Alfonso Rivera

Cal era a túa experiencia antes de chegar a estas cartas cinematográficas? Estudei nos noventa en Barcelona e con 19 anos dirixín unha curta que foi seleccionada polo Festival de Sitges. En 2002 rodei outra con Joaquim Jordà, de quen fun moi amigo, titulada *La purificación excremental*, que tivo similar percorrido. Logo realicei programas de televisión en Mallorca, en 2009 filmei a curta en 35mm. *¿Qué será de Baby Grace?*, con Álex Angulo de protagonista e en 2013 comecei *Letters...*

Na última edición do Abycine presentaches unha curta, *Hoissuru*, que logo foi parte da túa primeira longametraxe... Como na música, esa curta é o single e *Letters...* é o LP. No filme, a peza *Hoissuru* dura máis que como curtametraxe independente e ten outros puntos de vista e ángulos, a montaxe de son é diferente e a carta vai dirixida á nai da protagonista, mentres que no filme vai para Morrisey. As outras pezas do filme son máis libres na súa narrativa e esta, en cambio, podía funcionar como curtametraxe: por iso decidimos probar e que comezase o seu percorrido mentres eu remataba de montar *Letters...*

Rodar en 16mm e en branco e negro é toda unha declaración de principios en *Letters...* É algo continuista no meu traballo porque filmei as miñas curtas con celuloide. Se quería homenaxear a Morrisey debía facelo en 16mm porque foi o formato que empregou sobre todo con Andy Warhol mentres que os famosos filmes de xénero de Paul sobre Drácula e Frankenstein foron rodados en 35mm. De aí que vincule ese formato e esa experimentación máis con Warhol que con Morrisey.

Porque Morrisey emprega a cor saturada na súa triloxía... Exacto, pero o meu filme remite máis a *Chelsea Girls* (Andy Warhol, Paul Morrisey, 1966),

asinada por ambos, en branco e negro e con dúas pantallas: faise mención a ela en *Letters...*

Tamén, pola connotación relixiosa dalgúns treitos, vincúlase o teu filme con Bergman, Tarkovski e Dreyer, pero o teu Deus reside daquela na *Factory...* Son moi cinéfilo pero pouco mitómano, aínda que no meu filme apareza François Hardy. Eu estou moi enraizado na cultura pop coa que medrei e que está dentro de min. *Letters...* parécese a moitos filmes pero á vez non se lle parece a ningunha e pode remitir a *Persona* (Ingmar Bergman, 1966) ou a *O sétimo selo* (Ingmar Bergman, 1958). A súa proposta é tan cinéfila que é inevitábel esa relación.

Tamén destila certo humor... Gústame o humor. Cando empecei a estudar cinema grazas a Paul Morrisey, porque me fascinaron os seus filmes cando os vin por vez primeira, el empurroume a descubrir outros cineastas *underground* de forte humor como John Waters ou Russ Meyer. Dentro do cinema onírico hai tendencia ao sarcasmo (como demostra David Lynch), que sae de xeito natural para que non domine o pesadume: no meu filme destaca ese humor negro no fragmento da señora que foi actriz da *Factory*.

Falando de actrices da *Factory*: Silvia Miles morreu hai uns días... Si, e ese personaxe que mencionaba antes está inspirado en Sally Todd, o seu personaxe en *Heat*, o filme que máis me gusta da triloxía de Paul Morrisey. Sylvia era marabillosa, capaz de participar nun filme *underground* e noutro comercial e por iso era moi querida en Estados Unidos, sobre todo no cinema independente.

Publicado en cineuropa.org/
Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

Armand Rovira (Barcelona, 1979) ingresa en 1998 na Escola de Cinema de Barcelona (CECC). Ten unha brillante carreira no campo da curtametraxe con obras como *El bufón de Belzebú* (1999), *La purificación excremental* (2003) protagonizada por Joaquim Jordà e *¿Qué será de Baby Grace?* con Álex Angulo. Entre 2006 e 2009 traballa na produtora mallorquina Tresques Comunicació como realizador de televisión e na actualidade dirixe o Máster universitario de montaxe da escola Lens de Madrid. En 2017 a súa curtametraxe *Hoissuru* (codirixida xunto Saida Benzal) conseguiu o Premio Nuevas Visiones en Sitges. *Letters to Paul Morrisey* é a súa primeira longametraxe.

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en comunicacion@numax.org

NA LIBRARÍA NUMAX

Autobiography Morrisey, Paul Morrisey. Penguin, 2013

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org